



CONSELLERÍA DO MAR

SECCIÓN 14

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Os Decretos 79/2009, do 19 de abril e 83/2009, do 21 de abril, establecen a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos seus departamentos, quedando configurada a Consellería do Mar cos seguintes centros directivos:

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica

Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Quedan adscritos a esta consellería os entes públicos:

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

Portos de Galicia.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, esta é o órgano da comunidade autónoma ao que lle corresponde desenvolver as competencias e funcións en materia de ordeación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores e demais organizacións e asociacións profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe, ensinanza marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia de pesca son os seguintes:

Real decreto 1634/80, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca. Polo que á pesca se refire, traspasáronse as competencias relativas á xestión do Plan de Explotación Marisqueira de Galicia, así como as relativas ao outorgamento de licenzas individuais ou colectivas para o exercicio da pesca marítima de recreo.

Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como en materia de confrarías de pescadores.

Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, polo que se amplía o traspaso de servizos e medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensino profesional náutico-pesqueiro.

Real decreto 89/1996, do 26 de xaneiro, polo que se traspasan funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanzas náutico-deportivas e subacuático-deportivas.

Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, sobre traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mergullo.

Real decreto 1378/1997, do 29 de agosto, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro (ensino profesional náutico-pesqueiro).

Real decreto 1749/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos e funcións da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polos Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, e 1378/1997, do 29 de agosto, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

I.2.2. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

DOS ENTES PÚBLICOS

I.3. PORTOS DE GALICIA

O ente público Portos de Galicia creouse pola Lei 5/1994, do 29 de novembro.

Obxecto

Correspóndelle o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizos e as súas futuras ampliacións.

Asumirá igualmente as funcións que, no ámbito de competencias da comunidade autóno-

ma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de xestión e actuacións no dominio público marítimo-terrestre.

Sen prexuízo das competencias que esta lei atribúe no seu capítulo III aos órganos superiores da Administración autonómica galega, o ente público Portos de Galicia disporá das potestades reguladas na súa lei de creación e das facultades necesarias para a realización efectiva dos seus fins.

Aos efectos do desenvolvemento e cumprimento destes fins, o ámbito territorial de cada porto será o comprendido dentro dos límites da súa zona de servizo.

As augas de cada porto serán as adscritas pola Administración do Estado.

Correspóndelle as seguintes funcións:

1. A xestión da explotación das instalacións portuarias e dos demais bens adscritos ao seu patrimonio.
2. O fomento global da actividade económica no ámbito dos portos que dependen da Administración da comunidade autónoma, das actividades industriais ou comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario e o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e construcións portuarias.
3. Poderá realizar coa iniciativa pública ou privada cantas operacións comerciais e industriais considere convenientes e xestionará todas as obras, instalacións e servizos, podendo celebrar, a estes efectos, calquera clase de negocios xurídicos.

I.4. INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (Intecmar)

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao Intecmar, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

- a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplantónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbioxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- c) Decretar a apertura e o pechamento do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.
- d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contamina-

ción mariña.

Neste senso, o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña de Galicia, establecido pola Dirección Xeral de Recursos Mariños mediante Resolución do 23 de abril de 2007, da dirección (DOG nº 88, do 8 de maio) indica as seguintes funcións do Intecmar no que atinxe ao desenvolvemento do referido plan territorial:

- O Intecmar forma parte da Unidade de Apoio Técnico do Centro de Coordinación Operativa (CECOP).

- O Intecmar, como centro oficial integrado no Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña ten, entre outras funcións, albergar cun carácter permanente a Unidade de Documentación e Apoio Científico, e cun carácter ad hoc, a Unidade de Observación Próxima; as funcións destas dúas unidades están reflectidas no Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña.

- a) O cumprimento dos Programas de Control do Medio Mariño que, no ámbito das funcións que establece a lei de creación do Intecmar, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
- b) Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

Correspóndenlle ao Intecmar, ademais das potestades administrativas anteriormente establecidas:

- As actividades de asesoría técnico-científica para o coñecemento das características da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

- A elaboración de informes relativos as súas funcións.

- Proponerlle á Consellería do Mar as modificacións lexislativas necesarias para adaptar a lexislación autonómica as novas normativas que diten, así como os cambios necesarios para darlles cobertura legal ás novas esixencias que o sistema de control estableza como necesarias.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

Non cabe dúbida de que a situación de dificultade económica que vimos padecendo contráven de maneira influínte as accións públicas marcando a velocidade e intensidade coa que se deberan levar a cabo as medidas que servisen para conducir o eido social cara a un progresivo crecemento do seu benestar e ao contorno ambiental atrás dunha sostibilidade na súa relación coa explotación que del facemos.

Galicia e a súa administración pesqueira non son alleos a esta situación, o que leva a asumir de xeito pleno a necesidade de programar de maneira aínda máis axeitada a liña de acción a dispoñer para asegurar o futuro da actividade marítimo-pesqueira. Isto fai que sexa preciso poñer énfase de xeito primordial na contención do gasto, na mellora da eficacia e eficiencia do mesmo, na priorización dos investimentos e na especial incidencia na busca de sinerxías e apoios entre os actores que marcan o devir do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola e tamén da cadea mar-industria e da sociedade costeira de Galicia.

No marco da xestión do eido marítimo-pesqueiro, a progresiva incorporación das diferentes variables que poden afectar ao sector marítimo-pesqueiro galego han de ter necesaria imaxe nas accións administrativas desenvolvidas desde as entidades de Goberno autonómico. Así, vese con especial interese a adopción de liñas de actuación conducentes á consecución e mantemento dunha actividade pesqueira, marisqueira e acuícola que sexa social, económica e ambientalmente sostible, para o que se deben dispor as ferramentas normativas, administrativas e financeiras axeitadas e especialmente dedicadas.

Deste xeito, nos últimos tempos estase a producir un proceso de redución progresiva das posibilidades de capturas e do esforzo pesqueiro, afectando tal tendencia de forma clara ao sector pesqueiro galego, especialmente ao seu importantísimo sector extractivo, que presenta a peculiaridade de depender en boa medida de recursos exteriores ao litoral de Galicia.

Por outra banda, no que atinxe ao sector acuícola galego, a súa importancia, tanto polo que se refire aos recursos humanos empregados nel, como ao volume da súa produción, que incide de maneira certamente importante na economía da nosa comunidade, a administración debe realizar un esforzo tendente á súa mellora cuantitativa e cualitativa.

No mesmo senso, asistimos desde hai anos a un proceso dual no que o marisqueo viviu por unha parte un progresivo avance na profesionalización das persoas que o practican e dos sistemas de extracción e cultivo dos produtos extraídos, namentres que, por outra banda, se asiste a un lento pero inexorable decaemento na masa laboral e nas potencialidades das áreas de produción e, por conseguinte, nas posibilidades de manter unha actividade nunha liña de consolidación dos avances obtidos noutros eidos da mesma.

No mesmo senso, a atención a aqueles aspectos de eminente actuación proactiva da Administración autonómica han de ir dirixidos cara a adopción de medidas que permitan dispoñer

das mellores situacións posibles para o desenvolvemento das actividades ligadas ao mar, con dedicada atención ás infraestruturas portuarias e á seguridade da vida humana no mar.

No sentido exposto, as liñas de actuación desta consellería perseguirán, fundamentalmente, os seguintes obxectivos no exercicio orzamentario correspondente ao ano 2011:

1. A xestión eficaz e eficiente dos fondos económicos, especialmente dos comunitarios.
2. A xestión responsable e sostible dos caladoiros e da nosa costa.
3. O desenvolvemento da acuicultura no noso litoral en harmonía co medio ambiente.
4. Recuperación do medio mariño e de zonas aptas para a reprodución dos moluscos bivalvos.
5. A mellora dos rendementos do sector do marisqueo e da acuicultura.
6. A potenciación das industrias de transformación e comercialización e da súa integración como parte fundamental da estrutura de continuidade social e económica do eido marítimo-pesqueiro
7. A consolidación e adecuación dun necesario sistema de aseguramento da actividade marítimo-pesqueira e dos profesionais que nela desenvolven a súa actividade. En especial:
 - a) O aseguramento de accidentes marítimos para todos os mariñeiros galegos en calquera parte do mundo e dos tripulantes de buques con porto base en Galicia.
 - b) A formación en seguranza marítima.
 - c) As axudas sociais ás/ós mariscadoras/es.
8. O desenvolvemento das zonas costeiras, con especial atención a diversificación das actividades e á complementación económica das actividades marítimo-pesqueiras.
9. O desenvolvemento e consolidación dun sistema de coñecementos aplicados ao mundo do mar que permitan avanzar nos obxectivos de sostibilidade enunciados. En especial:
 - a) A investigación mariña aplicada ao eido ambiental.
 - b) A determinación de novas liñas de investigación nos campos sociais da actividade, con dedicada atención aos aspectos normativos e políticos do eido europeo e mundial.
 - c) A cooperación pesqueira con terceiros países.
10. Elaboración dunha liña de xestión dos portos conforme a unha progresiva especialización dos mesmos, con proxectos individualizados para cada un, atendendo ás súas necesidades específicas.
11. O desenvolvemento dunha liña de mellora da operatividade e eficacia e da eficiencia dos fondos destinados ás funcións de loita contra a contaminación e seguridade da vida humana no mar, para o cal se atenderá:
 - a) A dotación de medios para a loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.
 - b) As medidas para mellorar a loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.
 - c) A dotación de medios para a inspección pesqueira.

d) As medidas para mellorar a inspección pesqueira.

As actuacións referidas concrétanse na adopción das seguintes medidas:

1. Desenvolvemento do plan acuícola con especial énfase no tinxinte aos emprazamentos e á súa adecuación ambiental, social e ambiental.
2. Intensificación do apoio ás industrias de transformación do sector.
3. Reforzamento dos equipamentos nos portos pesqueiros.
4. Actuacións de recuperación das zonas improdutivas.
5. Formación dos traballadores do sector.
6. Mellora da comercialización dos produtos da pesca.
7. Diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.
8. Potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e modernizando a súa tecnoloxía.
9. Medidas tendentes a procurar a mellora da calidade dos produtos así como a dos procesos da súa elaboración.
10. Adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.
11. Reforzamento das liñas de investigación e iniciación de novos proxectos.
12. Mantemento dos sistemas de información avanzados nas lonxas e nas confrarías de pescadores.
13. Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios.
14. Axudas para o acceso das mariscadoras á pensión de xubilación.
15. Axudas aos seguros da produción.

II.2. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

II.2.1. DOS ENTES PÚBLICOS

PORTOS DE GALICIA

Despois de que nos últimos anos o Ente Público Portos de Galicia centrou todos os seus esforzos na construción das infraestruturas portuarias nos portos da súa competencia fundamentalmente debido á falta de adecuación destes a un sector portuario moderno, é preciso dar un xiro para abordar novas liñas de actuación encamiñadas á consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e cunha economía máis competitiva.

Por iso sen abandonar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenrolo das actividades portuarias, precisase reorientar as estratexias de crecemento, aumentando a capacidade competitiva a través do aumento da produtividade, da mellora da xestión controlando os gastos, da valorización do seu ca-

pital humano e recursos materiais, do uso selectivo dos investimentos, así como da implantación de novas tecnoloxías e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible.

O obxectivo fundamental desta nova forma de actuación é a coordinación do sistema portuario galego para responder ás políticas internacionais de fomento de intermodalidade no transporte, autoestradas do mar e transporte marítimo de curta distancia facilitando, ademais, a relación dos clientes coa administración portuaria e a mellora e modernización dos servizos portuarios prestados nos nosos portos e a adecuación ás normas de seguridade e prevención, respectando a calidade ambiental do ámbito onde se sitúan.

Poderíamos definir deste xeito que a misión do ente público Portos de Galicia é desenvolver o sistema portuario galego como foco do transporte marítimo mundial, fortalecendo o desenvolvemento económico e loxístico e contribuíndo á ordenación territorial de Galicia de xeito sostible.

Este escenario fai que se xeren catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sostibilidade, eficiencia e I+D+i.

O punto en común das catro sería o que denominamos ecoeficiencia, é dicir, crear máis valor con menos impacto que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural, incrementar os produtos e/ou servizos de valor e a implantación dun sistema de xestión ambiental.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendido como xeración de negocio e de recursos económicos, actuaráse en:

- Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co ocio e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.

- Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementaridades ao tempo que se procura unha relativa especialización.

- A transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca en plataforma intermodal que posibilite a localización de novos procesos que permitan aumentar o valor engadido das mercadorías e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.

- Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sostibilidade, actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental.

- Asegurar o máximo respecto ao medio no desenvolvemento das actividades portuarias.
- Ser capaces de interpretar e adecuar a influencia do cambio climático nos condicionantes de deseño das infraestruturas portuarias para a súa adecuación ás novas condicións de mareas, ondadas..

- Adoptar medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental.

- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como a seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...).

- Mellora na modernización dos servizos prestados nos portos.

- Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.

- Amplo desenvolvemento das TIC e aplicación da administración electrónica.

Dentro da liña estratéxica de I+D+i, actuarase en:

- Avanzar nunha mellora substancial da xestión do sistema portuario, coa xeración de coñecemento e crear un clima favorable para a innovación en materias vinculadas á economía, loxística, enxeñaría e outras actividades relacionadas cos portos.

- Continuar a implantación de novas tecnoloxías que faciliten ao máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria.

Como consecuencia destes eixes búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, que permita desenvolver as súas complementaridades ao tempo que se xenera unha relativa especialización destes, adecuándoos á rede xeral do sistema de transporte.

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA
(Intecmar)

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia deu lugar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de autonomía, á creación dun ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), adscrito da

Consellería do Mar, constitúe o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, da aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da comunidade autónoma.

O Intecmar ten como obxectivo xeral desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndelle ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplantónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.

A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Decretar a apertura e o pechamento do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.

Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.

O cumprimento dos programas de control do medio mariño que, no ámbito das funcións que establece esta lei, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.

Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

Correspóndelle ao instituto ademais das potestades administrativas anteriormente establecidas, entre outras, as actividades de asesoría técnico-científica para o coñecemento das ca-

racterísticas da pesca, o marisqueo e a acuicultura, a elaboración de informes relativos as súas funcións e propoñerlle á Consellería do Mar as modificacións legislativas necesarias para adaptar a lexislación autonómica as novas normativas que diten, así como os cambios necesarios para darlles cobertura legal ás novas esixencias que o sistema de control estableza como necesarias.

Continuarase a colaboración con Augas de Galicia para un mellor coñecemento dos puntos de vertidos que afectan ao litoral e determinar a súa incidencia na contaminación microbiolóxica das augas para abordar e optimizar as accións de mellora que garantan a calidade das augas.

Continuarase co traballo, xa consolidado, de análise de mostras procedentes das CCAA de Asturias, Cantabria e Cataluña así como das mostras oficiais dos servizos veterinarios da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade dentro do seu programa de Salubridade de Moluscos.

Continuar coa acción de investigación sobre episodios tóxicos de orixe fitoplanctónica en moluscos bivalvos de Galicia estudando aspectos epidemiolóxicos, detección de intoxicacións e o efecto do cociñado na toxicidade e o tamaño de ración de bivalvos.

Manter e potenciar a rede de calidade das augas e mellora do sistema de control de bivalvos afectados por biotoxinas por medio do desenvolvemento de modelos dinámicos. Dentro das análíticas de control das biotoxinas mariñas nas zonas de produción, e seguindo a recomendación do LCRBM e adecuando a estrutura de control cara aos obxectivos da Unión Europea ao respecto, o Intecmar acrecentará durante o ano 2011 o control das toxinas lipofílicas mediante LC-MS.

Actualmente os fondos do Intecmar proceden das transferencias correntes e de capital da Xunta de Galicia, así como dos convenios establecidos con outras institucións e xuros de entidades bancarias.

A asunción de competencias leva consigo asumir compromisos con diversas institucións ou entidades do sector para completar, manter e renovar programas de investigación e desenvolvemento que se realizan directamente ou en colaboración con diferentes consellerías (Consellería do Mar, Consellería de Sanidade, Consellería de Economía e Industria, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas). Entre os compromisos para o vindeiro ano están diversos convenios con outros centros de investigación (Universidade de Santiago de Compostela, Instituto Español de Oceanografía, CSIC, Centro de Investigacións Mariñas, Fundación Cetmar e Consello Regulador do Mexillón).

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A formación profesional marítimo-pesqueira debe dar resposta formativa a un sector onde se está a levar unha modernización e implantación de novas tecnoloxías. Para que os futuros profesionais adquiren as capacidades profesionais necesarias cómpre dotar aos centros e aulas de formación dos equipamentos para as novas tecnoloxías, así como completar e mellorar os xa existentes.

Con este programa perséguese o obxectivo de garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade de ensinanza marítimo e náutico-pesqueira nas súas diversas modalidades. Concretamente na modalidade de formación profesional náutico-pesqueira de adultos, e os ciclos formativos de formación profesional específica de: navegación e pesca, máquinas navais, cultivos mariños e mergullo profesional. Ademais neste programa intégranse as ensanzas de certificacións profesionais que se imparten nos catro centros de ensanzas.

Estas accións formativas desenvólense nos centros de formación profesional pesqueira e de acuicultura dependentes desta consellería, ubicados en Ferrol, Ribeira, A Illa de Arousa e Vigo, dos que os custos de mantemento, dotación de equipos e acondicionamento, se imputan a este programa.

Actividades

1. Mellora de sistemas operativos con fins didácticos.
2. Dotación de equipamentos didácticos.
3. Acondicionamento dos centros docentes.
4. Adquisición de equipos informáticos e equipamento vario para aulas e centros.
5. Accións de apoio e divulgación das actividades náuticas.
6. Adquisición de elementos de transporte para o seguimento das ensanzas.
7. Accións complementarias á formación dentro do Plan Integral de Formación marítimo-pesqueiro de Galicia.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

III.1.2. PROGRAMA 513A - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa é un instrumento para o desenvolvemento e xestión das funcións que en materia de portos da comunidade autónoma son atribuídas pola Lei 5/1994, do 29 de novembro: a construción, conservación, administración das obras, actividades e servizos portuarios, así como a planificación das zonas de servizos e o fomento global das actividades económicas relacionadas co tráfico portuario, a xestión da explotación portuaria, o fomento da actividade económica global. A través dos créditos deste programa xestiónanse as transferencias de capital ao ente Portos de Galicia para a realización dos proxectos e actividades propias do ente público.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral.

III.1.3. PROGRAMA 514A - INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA:

Neste programa encádranse as medidas destinada a rexenerar e a desenvolver os portos e fondeadoiros de pesca para mellorar os servizos ofrecidos e así convertelos nunha vantaxe competitiva.

Actividades

1. Investimentos en portos pesqueiros que presenten interese para os pescadores e produtores acuícolas usuarios dos mesmos.
2. Investimentos relacionados coa seguridade para a construción ou modernización de pequenos lugares de desembarque.

Os investimentos destinaranse principalmente a:

- a) Abastecemento de combustible, xeo, auga e electricidade.
- b) Xestión informatizada das actividades pesqueiras.
- c) Mellora das condicións de seguridade e traballo.
- d) Almacenamento e transformación de residuos.
- e) Fomento de boas prácticas ambientais nos portos, favorecendo e primando o emprego de enerxías alternativas e limpas no exercicio da actividade portuaria.
- f) Rexeneración e desenvolvemento dos portos pesqueiros para a mellora do seu patrimonio natural e arquitectónico.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

III.1.4. PROGRAMA 541C - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O medio natural marítimo é o espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola, de xeito que constitúe non só o marco xeográfico común a estas actividades senón tamén o seu obxecto principal, posto que a conservación do medio e a preservación fronte a malas prácticas é o fundamento para a rendibilidade e a continuidade deste sector estratéxico.

Dita conservación e preservación non pode facerse fronte ao sector, senón ao contrario, da súa man e coa súa implicación activa. Este convencemento está na base da creación e posta en marcha de reservas mariñas de interese pesqueiro, co obxectivo de conservar a riqueza natural das áreas mariñas e dotar ao sector de mecanismos específicos de conservación e de xestión pesqueira compartida.

Existen factores de risco para a estabilidade do medio mariño, e máis concretamente para a conservación dos recursos de interese pesqueiro, entre os que cobran especial importancia a contaminación das augas e as malas prácticas na actividade extractiva. Por iso resulta imprescindible contar cos suficientes mecanismos de control e prevención que garantan a detección e a reparación de posibles danos.

Así, os principios que inspiran este programa son os seguintes:

1. Evitar os danos producidos por episodios de contaminación.
2. Prevención e control das actividades que poidan afectar negativamente á sostibilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.
3. Asesoramento e apoio ao sector para a definición e establecemento de novas figuras de protección e xestión de áreas mariñas de interese pesqueiro, e a mellora dos seus mecanismos de xestión.

Actividades

1. Prevención e control da contaminación do medio natural mariño.
2. Dotación de medios á inspección pesqueira e ao salvamento marítimo.
3. Control da actividade pesqueira.
4. Mellora no control das accións ilegais na explotación dos recursos.
5. Contribuír á seguridade da vida humana no mar, participando en tarefas de rescate e salvamento.

6. Mantemento das dúas reservas mariñas de interese pesqueiro existente e outras figuras de preservación dos recursos mariños

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

III.1.5. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A estrutura produtiva actual de Galicia caracterízase polo reducido tamaño das empresas e unha especialización sectorial na que non destacan as actividades de alta tecnoloxía. O sector pesqueiro non escapa a esta caracterización e faise necesario un cambio de cultura nos empresarios, para que pasen a considerar I+D+i como un factor estratéxico para o futuro. Co fin de non hipotecar a independencia científica e tecnolóxica, e competir no desenvolvemento do noso tecido económico, é moi importante apostar por unha investigación básica saudable.

Na execución deste plan xogará un papel moi importante toda a comunidade científica galega, sen exclusión de ninguén, coa necesaria coordinación por parte deste departamento, na procura de optimizar o capital humano co que conta Galicia, implicándoos no desenvolvemento das distintas accións programadas, evitando que os técnicos traballen sen coordinación e sen coñecemento das distintas iniciativas que se pretenden desenvolver. No desenvolvemento deste plan xogará un papel moi importante o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar, nas súas sedes de Ribadeo e Vilanova de Arousa, e o Cetmar.

Actividades

1. Desenvolvemento de proxectos e accións de investigación para a xestión racional dos recursos mariños renovables.
2. Dotación de material científico, publicacións, equipamento e demais medios necesarios para o desenvolvemento da investigación.
3. Formación de titulados superiores e técnicos superiores en temas de investigación mariña.
4. Financiamento do funcionamento, persoal, mantemento e actividades desenvolvidas polo Centro de Investigacións Mariñas.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

III.1.6. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A participación da Consellería do Mar no Plan Galego de Estatística 2007-2011, aprobado pola Lei 16/2006, do 27 de decembro, vén recollida na realización das operacións estatísticas 32102 explotación do rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma; 32201 estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos e 32202 estatística de produción de acuicultura mariña. Para o ano 2011 está previsto incorporar en proxecto ao Plan Galego de Estatística 2007-2011 a operación estatística OCUPESCA, enquisa dirixida a recoller a situación da poboación con ocupación activa nas embarcacións que faenan nas augas competencia de Galicia, así como no mar territorial do caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste.

Por outra banda, a consellería do Mar debe realizar, ao abeiro do Real decreto 1822/2009, de 27 de novembro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, a recollida periódica dos datos contidos nas notas de venda dos produtos pesqueiros frescos, conxelados ou de acuicultura mariña que se comercializan nas lonxas ou centros de venda autorizados en Galicia.

Outra das actividades que se está a realizar é a posta en funcionamento da obtención de documentos relacionados coa primeira venda a través de terminais TICPESC situados nas lonxas de Galicia, deste xeito grávase toda a información referente a estes documentos, e permite ter un control exhaustivo sobre as vendas, e unha maior fiabilidade dos datos estatísticos xerados polo sector pesqueiro.

Actividades

1. Recollida de datos de produción, transporte e venda dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura.
2. Revisión e análise estatístico de Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Validación de datos e homologación de información.
4. Publicación e divulgación de resultados.
5. Enquisa de poboación ocupada
6. Campañas de sensibilización e divulgación

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica

III.1.7. PROGRAMA 721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os créditos asignados a este programa cumpren fundamentalmente a función de financiar os gastos de funcionamento e do persoal dos servizos administrativos da consellería, distribuídos nos seus diferentes centros xestores: os servizos centrais, os servizos territoriais en Celeiro, Vigo e A Coruña, e as delegacións comarcais en Ferrol, Ribeira, Pontevedra e Carril, así como os funcionarios desta consellería destinados nas distintas confrarías de pescadores.

O capítulo de investimento recolle pola súa parte, as partidas destinadas á mellora de infraestruturas nos citados centros administrativos co fin de conseguir unhas mellores condicións de traballo para o persoal ao servizo da consellería e en xeral as inversións asociadas ao funcionamento dos servizos administrativos.

Tamén se xestionan a través deste programa os créditos que a consellería adica á cooperación internacional en materia pesqueira.

Finalmente ampara a transferencia de financiamento á Fundación Centro Tecnolóxico do Mar.

Actividades

1. Acondicionamento e equipamento dos servizos da consellería.
2. Mantemento e modernización dos equipos e procesos de datos da consellería.
3. Mantemento do fondo de biblioteca.
4. Obras novas e de reparación nos edificios onde se atopan os servizos centrais e territoriais .
5. Reparación e reposición dos vehículos pertencentes á flota da consellería.
6. Actuacións para o mantemento operativo dos servizos.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral.

III.1.8. PROGRAMA 722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O sector pesqueiro dá emprego directamente a máis de 34.000 persoas na comunidade autónoma. As condicións nas que se desenvolve o traballo fan desta actividade unha das máis susceptibles de riscos laborais, que contribúe, entre outros factores, á falta de atractivo entre a xente nova, dificultando o relevo xeracional e a modernización do sector.

O programa recolle os créditos destinados ao mantemento dunha liña de axudas dirixidas a todas aquelas mariscadoras que como consecuencia da imposibilidade de poder afiliarse ao réxime especial do mar, non puideron acadar o período de carencia necesaria para acceder a unha pensión de xubilación, facilitándolle a sinatura de convenios individuais especiais.

Asímesmo, neste programa teñen encadre actuacións dirixidas tanto á formación do sector pesqueiro que lles permita acceder e explotar axeitadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos mariños, como as dirixidas a atender aos sectores non pesqueiros de usuarios do mar, que complementan as actividades de diversificación en curso e programadas para o novo exercicio.

Así mesmo dedícanse unhas partidas para poder prestar asesoramento e asistencia técnica ás confrarías de pescadores en materia económica e contable así como colaboración coas Federacións de confrarías.

En liña co anos anteriores, contéplase o mantemento da póliza do seguro colectivo de accidentes no mar.

Finalmente, a través deste programa recóllese a participación da consellería, como socio, en diversos proxectos europeos aprobados nas últimas convocatorias.

Actividades

1. Mantemento do seguro colectivo de accidentes no mar.
2. Axudas á xubilación de mariscadoras/es.
3. Cursos de formación e reciclaxe para pescadores.
4. Actividades de especialización e formación na pesca e o litoral.
5. Programas de formación para o desenvolvemento pesqueiro.
6. Apoio ás accións de promoción social dos pescadores e das comunidades pesqueiras.
7. Accións para divulgación sobre o litoral de Galicia e a pesca.
8. Accións piloto sobre aplicación de enerxías limpas e renovables ás actividades pesqueiras e sobre a xestión de residuos xerados pola pesca.
9. Transformación dos buques que abandonen a pesca en buques para formación, a promoción socio-cultural ou o control das reservas mariñas.
10. Apoio á produción de semente en micro instalacións.
11. Campaña de seguridade para a pesca.
12. Participación en diversos proxectos europeos.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

III.1.9. PROGRAMA 723A - COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Neste programa encádranse actuacións destinadas á adaptación da frota galega á dispoñibilidade dos recursos coa finalidade de evitar a sobreexplotación e acadar un desenvolvemento sostible do sector.

Tamén se persegue proporcionar ao sector pesqueiro mecanismos que melloren a súa competitividade, a través do coñecemento sobre as artes de pesca para optimizar a súa efectividade e asesorándoo na adopción de medidas de xestión axeitadas.

Inclúense medidas para a recuperación da capacidade produtiva de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven mermada a súa produción. Neste marco cobran especial importancia as actividades, realizadas en colaboración cos profesionais, dirixidas á mellora da calidade dos recursos marisqueiros por mor do status sanitario das augas de produción, que non son aptos para unha explotación comercial rendible.

O número total de buques pesqueiros con porto base en Galicia ascende a 4.833, aproximadamente o 40% da frota pesqueira española. A maioría deles son de pequeno tamaño, o que implica unha grande presión sobre as augas interiores. Caracterízanse tamén pola variedade de especies capturadas e o seu alto valor económico.

As tendencias de desenvolvemento deste sector veñen marcadas polo fomento de medidas de creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca que humanicen e confiran atractivo á actividade, así como pola necesidade de impulsar métodos respectuosos co medio e medidas que incrementen o valor de mercado das especies capturadas.

Este programa recolle tamén os créditos destinados a actuacións relacionadas coa pesca costeira artesanal, destinadas a fomentar a organización e control da trazabilidade dos produtos comercializados da pesca costeira artesanal.

Ao abeiro do FEP tamén se dará cabida á iniciativa do sector pesqueiro no establecemento de novos mecanismos de xestión dos recursos, promovendo plans e proxectos de xestión, impulsando o coñecemento científico do medio, facilitando o asesoramento técnico na explotación ou participando no control responsable, por citar exemplos de actuacións tendentes ao obxectivo último de acadar o desexable equilibrio entre explotación e conservación, é dicir, a explotación sustentable.

Neste programa de gasto inclúense os créditos destinados ás axudas relativas ao eixe 2

do FEP: "Acuicultura, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura".

Tamén se recollen créditos para o apoio aos proxectos piloto realizados por un axente económico en cooperación cun organismo científico ou técnico que estean dirixidos á adquisición e difusión de novos coñecementos técnicos.

Actividades

1. Adecuación e mellora das condicións de zonas produtivas, especialmente para mellorar as condicións sanitarias das zonas de produción marisqueira.
2. Avaliación científica dos recursos e das pesquerías.
3. Axudas a entidades de interese colectivo, asociativas dos profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a xestión dos recursos pesqueiros.
4. Axudas para a paralización definitiva de buques pesqueiros.
5. Axudas para propietarios de buques pesqueiros afectados por plans de recuperación duns recursos específicos que impliquen unha paralización temporal da actividade.
6. Axudas destinadas a mellorar a seguridade e as condicións de traballo, a calidade e hixiene dos produtos a bordo dos barcos pesqueiros así coma o rendemento enerxético e a selectividade.
7. Medidas socioeconómicas para apoiar a saída anticipada do sector pesqueiro e a reconversión profesional dos pescadores.
8. Axudas para a construción, ampliación, equipamento e modernización de establecementos de transformación e comercialización.
9. Axudas á pesca costeira artesanal.
10. Axudas a investimentos no ámbito da acuicultura.
11. Accións piloto sobre aplicación de enerxías limpas e renovables ás actividades pesqueiras e sobre a xestión de residuos xerados pola pesca.
12. Colaboración co sector no desenvolvemento de medidas de asistencia técnica para a mellora na xestión dos recursos.
13. Colaboración co sector na realización das actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies, establecendo as condicións de acceso ás zonas de pesca.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica

Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

III.1.10. PROGRAMA 723B - REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E DOS MERCADOS DA PESCA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa ampara accións como a busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisco, para garantir uns estándares de calidade.

Así mesmo, dentro deste programa preténdese fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros para facer fronte á crecente preocupación por parte das autoridades sanitarias sobre a dieta alimenticia da sociedade actual, e con maior preocupación cando se refire ás etapas infantil e xuvenil. Preténdese levar a cabo unha acción de fomento de consumo de produtos pesqueiros nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos, creando ao mesmo tempo unha cultura de consumo dos produtos pesqueiros.

Dentro deste programa de gasto inscríbense as accións a desenvolver no novo marco establecido polo FEP que destina un único eixo a potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados grupos de acción costeira, que permitirán a participación de todos os axentes sociais das áreas que se definan na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.

O programa dá encaixe tamén á posta en marcha dun seguro de mal tempo co obxectivo de incentivar o aseguramento no sector para garantir ingresos aos profesionais do mar en situacións climatolóxicas adversas.

Inscríbense tamén neste programa as accións a desenvolver no marco establecido polo FEP que destina un único eixo a potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados grupos de acción costeira, que permitirán a participación de todos os axentes sociais das áreas que se definan na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.

Esta medida contemplada no FEP contribuirá dun xeito fundamental a que todas as poboacións costeiras poidan contar cun plan estratéxico de desenvolvemento sustentable das zonas do litoral, plan elaborado por cada un dos grupos, nos que participarán todos os axentes sociais e económicos de cada unha das sete zonas que o plan estratéxico recolle. Trátase en definitiva, de aplicar un tratamento ascendente na xestión dos fondos europeos cunha participación directa, eficaz e eficiente dos cidadáns.

Actividades

- I. Programa de formación dos traballadores do sector pesqueiro, na mellora da xestión e

tratamento dos recursos pesqueiros.

2. Programa de formación para o tratamento dos produtos pesqueiros frescos.
3. Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos.
4. Programa de formación para o consumo e comercialización do peixe fresco.
5. Creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca.
6. Subscrición dun seguro de mal tempo para o sector.
7. Realización de campañas de promoción de produtos da pesca e de estudos de mercado.
8. Certificación da calidade incluída a creación de etiquetas e a certificación de produtos capturados.
9. Campañas dirixidas a mellorar a imaxe dos produtos da pesca e a realización de estudos de mercado.
10. Concesión de axudas a proxectos presentados ante os grupos de acción costeira que teñan encaixe nos propios plans estratéxicos para o desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

IV. CADRO DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| Progr. | Obxectivos Extratécnicos | Indicador | Unid. Med. | Valor Final |
|--|--|--|------------|--------------|
| | Obxectivos Operativos | | | |
| 422K ENSEÑANZAS PESQUEIRAS | | | | |
| | Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos | | | |
| | Flexibilización da oferta formativa de formación profesional para responder as necesidades das persoas e das empresas de Galicia | Módulos profesionais en oferta presencia | Nº | 6,00 |
| | Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe | | | |
| | Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe | Sen indicador | | |
| 513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA | | | | |
| | Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia | | | |
| | Cohesionar as comunidades portuarias, e desenvolvemento das relacións porto-ciidade, para conseguir uns obxectivos comúns de convivencia. | Actuacións portos con incidencia nos núc | Nº | 7,00 |
| | Mellora dos equipamentos portuarios: Diversificación do tecido produtivo, desenvolvemento de infraestruturas, mellora de equipamentos e servizos básicos. | Infraestruturas e equipamentos no ano | Nº | 20,00 |
| | Mellora e ampliación de instalacións de abrigo e condicións xerais de acceso aos portos. | Investimento total en infraestruturas e | Euros | 7.000.000,00 |
| | Ordenación interior dos portos (instalacións e actividades) baixo o modelo de compatibilización dos diferentes usos: pesqueiro, náutico-recreativo, pasaxe,... | Relación de metros cadrados segundo usos | M2 | 2.000,00 |
| 514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS | | | | |
| | Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia | | | |
| | Mellora dos equipamentos portuarios: Plan de portos. | Portos beneficiados e euros executados | Nº | 10,00 |
| 541C PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO | | | | |
| | Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe | | | |
| | Accións de loita contra a contaminación mariña. Plan territorial de continxencias. | Iniciativas/participación en iniciativas | Nº | 5,00 |
| | Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida | | | |
| | Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida | Sen indicador | | |
| 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA | | | | |
| | Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento | | | |
| | Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento | Sen indicador | | |
| 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA | | | | |
| | Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación | | | |
| | Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación | Sen indicador | | |
| 721A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS | | | | |
| | Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | | | |
| | Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | | |
| 722A PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. | | | | |
| | Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | | | |
| | | Sen indicador | | |
| 723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA | | | | |

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | | |
|--|--|----|----------|
| Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueira e de acuicultura | | | |
| Fomento da acuicultura: Inversións en acuicultura. | Proxectos tramitados % de crédito compro | Nº | 45,00 |
| Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe | | | |
| Promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura: Investimentos en transformación e comercialización. | Proxectos tramitados % crédito compromet | Nº | 40,00 |
| Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade | | | |
| Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantir a sostibilidade dos recursos: Investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade. | Proxectos tramitados % crédito compromet | Nº | 35,00 |
| Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantir a sostibilidade dos recursos: Medidas de carácter socioeconómico. | Beneficiarios, % sobre poboación activa | Nº | 50,00 |
| Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantir a sostibilidade dos recursos: Paralizacións definitivas. | Barcos beneficiarios, nº GT reducidos | Nº | 20,00 |
| Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantir a sostibilidade dos recursos: Proxectos Piloto. | Proxectos aprobados | 6 | Nº 10,00 |
| Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción mariña baixo criterios de produtividade e sostibilidade: Convenios de asistencia técnica e vixilancia dos bancos marisqueiros con entidades asociativas do sector. | Convenios/asistencia técnica, euros inve | Nº | 97,00 |
| Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción mariña baixo criterios de produtividade e sostibilidade: Proxectos colectivos de xestión dos recursos mariños. | Proxectos aprobados, euros investidos | Nº | 129,00 |
| Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción mariña baixo criterios de produtividade e sostibilidade: Recuperación de zonas afectadas por contaminación microbiolóxica. | Zonas de produción recuperadas | 1 | Nº 9,00 |
| SopORTE xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | | | |
| SopORTE xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | | |
| 723B REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E DOS MERCADOS DA PESCA | | | |
| Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe | | | |
| Diversificación económica das zoas dependentes da pesca | Empregados de empresas económica viable | Nº | 7,00 |
| Promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura: Asistencia a feiras nacionais e internacionais. | Feiras:10. Empresas participantes:127 | Nº | 10,00 |
| Promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura: Campañas de promoción dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura. | Campañas de promoción. | 2 | Nº 2,00 |

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

| Programas | Servizos | | | | |
|--|---------------|---------------|---------------|---------------|----------------|
| | 01 | 02 | 03 | 04 | Total |
| 422K-Ensinanzas pesqueiras | 5.790 | | | 3.235 | 9.024 |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria | 10.384 | | | | 10.384 |
| 514A-Infraestruturas pesqueiras | | | | 5.291 | 5.291 |
| 541C-Protección e mellora do medio natural marítimo | 16.194 | | 205 | | 16.399 |
| 561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica | 2.690 | | | 2.011 | 4.701 |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | | 75 | | | 75 |
| 721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras | 15.098 | | | | 15.098 |
| 722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira | 314 | | 921 | 2.411 | 3.645 |
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura | 7.806 | 77.396 | 13.772 | | 98.974 |
| 723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca | | 4.911 | | 7.076 | 11.987 |
| Total | 58.276 | 82.382 | 14.898 | 20.023 | 175.578 |

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

| Programas | Capítulos | | | | | |
|--|---------------|--------------|--------------|---------------|---------------|----------------|
| | I | II | IV | VI | VII | Total |
| 422K-Ensinanzas pesqueiras | 5.790 | 1.191 | 125 | 1.918 | | 9.024 |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria | | | | | 10.384 | 10.384 |
| 514A-Infraestruturas pesqueiras | | | | 5.291 | | 5.291 |
| 541C-Protección e mellora do medio natural marítimo | 890 | 48 | 1.745 | 12.535 | 1.180 | 16.399 |
| 561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica | 2.690 | 193 | 135 | 1.683 | | 4.701 |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | | | | 75 | | 75 |
| 721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras | 12.414 | 1.691 | 355 | 639 | | 15.098 |
| 722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira | 314 | | 368 | 1.356 | 1.608 | 3.645 |
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura | 7.806 | | | 13.149 | 78.019 | 98.974 |
| 723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca | | | 40 | 5.060 | 6.887 | 11.987 |
| Total | 29.904 | 3.124 | 2.769 | 41.705 | 98.077 | 175.578 |

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

| 01 SECRETARIA XERAL | 2010 | 2011 | % Var. |
|---|---------------|---------------|---------------|
| Cap. I - Gastos de persoal | 31.591 | 29.904 | -5,3 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 1.770 | 1.739 | -1,8 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 2.198 | 2.100 | -4,4 |
| Cap. V - Fondo de continxencia | 12 | 0 | -100,0 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 18.055 | 12.969 | -28,2 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 22.684 | 11.564 | -49,0 |
| Total | 76.309 | 58.276 | -23,6 |

(Miles de Euros)

| 02 D.X. DE COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN TEC | 2010 | 2011 | % Var. |
|--|---------------|---------------|---------------|
| Cap. IV - Transferencias correntes | 16 | 40 | 152,2 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 12.428 | 7.653 | -38,4 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 70.641 | 74.689 | 5,7 |
| Total | 83.085 | 82.382 | -0,8 |

(Miles de Euros)

| 03 D.X. DE ORDEN. E XESTIÓN DOS REC.MARIÑOS | 2010 | 2011 | % Var. |
|--|---------------|---------------|---------------|
| Cap. VI - Investimentos reais | 23.029 | 10.647 | -53,8 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 8.158 | 4.251 | -47,9 |
| Total | 31.187 | 14.898 | -52,2 |

(Miles de Euros)

| 04 D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO | 2010 | 2011 | % Var. |
|---|---------------|---------------|---------------|
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 1.468 | 1.385 | -5,7 |
| Cap. III - Gastos financeiros | 285 | 0 | -100,0 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 699 | 628 | -10,1 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 12.643 | 10.436 | -17,5 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 7.854 | 7.574 | -3,6 |
| Total | 22.948 | 20.023 | -12,7 |

(Miles de Euros)

| SERVIZOS | 2010 | 2011 | % Var. |
|---|----------------|----------------|---------------|
| 01 SECRETARIA XERAL | 76.309 | 58.276 | -23,6 |
| 02 D.X. DE COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN TEC | 83.085 | 82.382 | -0,8 |
| 03 D.X. DE ORDEN. E XESTIÓN DOS REC.MARIÑOS | 31.187 | 14.898 | -52,2 |
| 04 D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO | 22.948 | 20.023 | -12,7 |
| Total | 213.529 | 175.578 | -17,8 |

(Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos e Axencia Pública

| | Consellería | | 00.AA ou/e Axencias | | Trans. Internas | | Consolidado | |
|---|----------------|----------------|---------------------|----------|-----------------|----------|----------------|----------------|
| | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 | 2010 | 2011 |
| Cap. I - Gastos de persoal | 31.591 | 29.904 | 0 | 0 | 0 | 0 | 31.591 | 29.904 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 3.238 | 3.124 | 0 | 0 | 0 | 0 | 3.238 | 3.124 |
| Cap. III - Gastos financeiros | 285 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 285 | 0 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 2.912 | 2.769 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2.912 | 2.769 |
| OPERACIÓNS CORRENTES | 38.026 | 35.796 | 0 | 0 | 0 | 0 | 38.026 | 35.796 |
| Cap. V - Fondo de continxencia | 12 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 12 | 0 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 66.155 | 41.705 | 0 | 0 | 0 | 0 | 66.155 | 41.705 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 109.337 | 98.077 | 0 | 0 | 0 | 0 | 109.337 | 98.077 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | 175.503 | 139.782 | 0 | 0 | 0 | 0 | 175.503 | 139.782 |
| Total | 213.529 | 175.578 | 0 | 0 | 0 | 0 | 213.529 | 175.578 |

(Miles de Euros)

Medios Persoais

| Mar | 2011 |
|---------------------------------|------------|
| Altos Cargos | 5 |
| Persoal Funcionario | 664 |
| Subgrupo A1 | 222 |
| Subgrupo A2 | 130 |
| Subgrupo C1 | 172 |
| Subgrupo C2 | 83 |
| Agrupacións profesionais | 57 |
| Persoal Laboral | 190 |
| Grupo I | 17 |
| Grupo II | 15 |
| Grupo III | 73 |
| Grupo IV | 48 |
| Grupo V | 37 |
| TOTAL | 859 |

Sociedades Públicas, Fundacións e Consorcios

| Entes Públicos | 2011 | |
|--|---------|-------------|
| | Capital | Explotación |
| Portos de Galicia | 18.752 | 28.497 |
| Inst.Tecnolóxico Control do Medio Mariño | 562 | 3.297 |

(Miles de Euros)

